



CCOO INFORMA N.º 18

AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA E ESPECIAL EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

En que consiste?

En facilitar que as familias con menos ingresos dispoñan dos libros de texto e material escolar.

Quen pode solicitar a axuda?

Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria:

- Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (EP), e en 1º, 2º, 3º e 4º de ensino secundario obrigatorio (ESO).
- Axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, e en educación especial (EE), así como as axudas que pode recibir o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % ou con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO .
- Axudas para material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.I.

Asignación e contía

A asignación de libros de texto correspondente aos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de EP e a todos os cursos de ESO, que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase:

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto.

- c) Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros de texto, con independencia da renda.

O importe máximo que abonará a consellería a cada centro por cada libro complementario adquirido será de: 40 € en EP e 45 € en ESO.

A contía das axudas para adquirir libros de texto será:

- a) Para o alumnado de 1º e 2º de EP:
 - 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €.
 - 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €.
- b) Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía das axudas será de 300 € con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
- c) Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe dela axuda será o maior correspondente ao ensino e curso no que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
- d) Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:

- 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 240 €.
- 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 160 €.

Alumnado de ESO:

- 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 270 €.
- 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 180 €.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP e en ESO será a seguinte:

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 75 €.

Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 60 €.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda por importe de 75 € con independencia da renda.

Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 21 de maio e rematará o día 21 de xuño de 2024. O alumnado que se incorpore ao centro docente fóra deste prazo disporá dun mes contado a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 31 de marzo de 2025.

Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II), accesible dende a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O formulario de solicitude tamén estará dispoñible nos centros educativos e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Así mesmo, a aplicación informática Fondolibros (www.edu.xunta.gal/fondolibros) permitiralles aos centros docentes xerar solicitudes unha vez introducidos os datos.

Máis información

DOG núm. 96 luns 20 de maio de 2024:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240520/AnuncioG0761-080524-0003_gl.pdf

**Secretaría de Emprego e Política Social
SN de CCOO de Galicia**